

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D^a Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

ACTA

En Arzúa, 26 de outubro de 2012

Sendo as 20:05 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non podendo asistir o concelleiro don Javier Rodríguez Vázquez, do grupo político do Partido Popular; manifestando o voceiro de dito grupo político, o Sr. Orois Valiño, que a non asistencia do citado concelleiro débese a unha causa de forza maior, polo que pide disculpas no seu nome.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2012.-

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) COMPROBACION DA CREDENCIAL, TOMA DE POSESION, E PRESTACION DE XURAMENTO OU PROMESA DA NOVA CONCELLEIRA..

Dáse vista da credencial remitida ao secretario do Concello de Arzúa polo Presidente da Xunta Electoral Central, con data 19 de setembro de 2012 co número 2.409 de rexistro de saída (*que foi recibida neste Concello o día 24 do mesmo mes,*

sendo rexistrada de entrada ao número 2.112); a cal figura expedida a nome de dona Begoña Balado Conde, que aparece incluída no posto número dous da lista de candidatos, presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, ás Eleccións Locais do 22 de maio de 2011, en substitución -por renuncia- de don Francisco Xabier Pintor Vázquez.

Dita credencial foi comprobada polo alcalde, observando que non había erros na súa expedición.

Deseguido, polo secretario informouse que a citada candidata formulara –con data 17 de outubro de 2012- as declaracións a que se refire o artigo 75 nº 7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a súa posterior inclusión no “Rexistro de Intereses dos membros da Corporación”:

- Unha, sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, e
- Outra, sobre os seus bens patrimoniais e participación en sociedades de todo tipo.

Tras o exposto, o alcalde procedeu a tomar xuramento a dona Begoña Balado Conde, como requisito previo para tomar posesión do cargo de concelleira, e segundo a fórmula establecida a través do Real Decreto 707/1979 de 5 de abril:

¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira, con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?

Contestando o Sra. Balado Conde que sí prometía.

Fai uso da palabra entón o alcalde para manifestar que daba a benvida á nova concelleira, desexándolle sorte no desempeño do seu cargo, tanto no seu nome como no da Corporación Municipal.

Efectuado o anterior, dita concelleira quedou integrada na Corporación Municipal a todos os efectos, quedando incorporada como única integrante do grupo mixto en substitución de don Francisco-Xabier Pintor Vázquez.

Igualmente acordouse –por unanimidade dos asistentes- que a Sra. Balado Conde pasase a formar parte das mesmas comisións, así como do Consello de Administración da Emisora municipal de Radio, ás que pertencía o Sr. Pintor Vázquez; manifestando dita concelleira que quedaba enterada e mostraba a súa conformidade.

Punto 3º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

“Polo Presidente explícase que esta modificación faise todos os anos e que ten por obxecto a actualización do cadro de tarifas establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas, de acordo coas variacións que experimente o IPC. Neste caso a modificación proposta responde a actualización das tarifas de acordo co IPC interanual de setembro de 2012, que se sitúa no 3,4%.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP), manifestando que van votar a favor da modificación, xa que se trata de aplicar unha cláusula que figura como tal no contrato.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que, como non puido estar na Comisión onde se tratou deste asunto, xa que aínda non tomara posesión do cargo de concelleira, manifesta que ten que estar de acordo co previsto na ordenanza reguladora desta taxa, que foi aprobada polo Pleno do Concello.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que quere dar a benvida como nova concelleira á Sra. Balado Conde, en nome do grupo político do Partido Popular, desexándolle sorte no seu cometido.

- Que, aínda que estamos en contra do contrato que vincula a este Concello con Aquagest, para a xestión do servizo de augas, pola súa longa duración, como dito contrato é de obrigado cumprimento, debemos acatalo.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que tamén quere dar a benvida á Sra. Balado Conde, como concelleira deste Concello; e que, en canto a este asunto de orde do día, desde o grupo político do BNG remitímonos ao dito na sesión da comisión informativa.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e coa abstención dos cinco concelleiros do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e

acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2012, que se sitúa en + 3,4%; cuxo artigo queda redactado en canto aos seu apartado I) “Cota por subministración de auga” punto 1 e en canto ao seu apartado II) “outras cotas”, da seguinte forma:

* Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

A. Usos domésticos:

1. Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 10 m ³ mes-----	0,4599
1.2.- Desde 11 m ³ a 15 m ³ mes-----	0,6438
1.3.- Máis de 15 m ³ /mes-----	0,8913

B. Usos industriais

1.- Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 50 m ³ mes-----	0,5980
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo-----	0,9428

C. Usos para obras.

1.- Por mantemento de servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 100 m ³ mes-----	0,5980
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo-----	1,0579

*Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo-----	73,89 euros.
B) Cota única por dereitos de acometida a rede xeral de abastecemento---	131,42 euros.
C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----	0,2263 euros
D) Cota mensual por conservación de acometidas-----	0,2263 euros.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de aprobación da mesma.

Punto 4º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

“Polo Presidente infórmase que con data 4 de xullo de 2012 formalizouse a cesión gratuíta do edificio destinado a Centro de Saúde, polo Concello, en favor do Servizo Galego de Saúde. Na escritura de cesión contemplábase a obriga por parte do Concello de regular, na súa ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, a exención a favor dos centros sanitarios de titularidade pública. Con este expediente trátase de recoller na ordenanza fiscal a citada exención en favor da Consellería, que non vai pagar IBI en relación co Centro de Saúde.

Toma a palabra a interventora para comentar que no contrato de cesión recóllese esta obriga por parte do Concello e que se trata dun suposto de exención permitido pola Lei Reguladora de Facendas Locais.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP), manifestando a súa conformidade coa devandita modificación.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como estaba ao tanto deste asunto, pese a que non puido asistir á sesión da Comisión informativa, ao non tomar aínda posesión como concelleira, vai votar a favor de que se conceda a exención.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular está de acordo coa concesión desta exención.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer que se remite ao ditame da Comisión especial de contas, en favor da exención.

Considerando que na estipulación segunda (*da escritura de cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde do edificio destinado a Centro de Saúde de Arzúa, e do terreo onde se ubica dito centro, formalizada o día 4 de xullo de 2012*) establécese:

- Que a cláusula cuarta do convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e o Concello de Arzúa, sobre asunción dos gastos de mantemento do Centro de Saúde de Arzúa establece a obrigación do Concello de regular nas súas ordenanzas fiscais a exención, a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62 nº 3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

● Que, en tanto non se regule polo Concello esta exención, o concello será quen asumirá o pago do imposto.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación do artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles,

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co obxecto de regular a exención de dito imposto en canto ao Centro de Saúde de Arzúa; cuxo artigo queda redactado da seguinte forma:

A).- Exencións directas de aplicación de oficio: As comprendidas no artigo 62 nº 1 do TRLRFL

B).- Exencións directas de carácter rogado: As comprendidas no artigo 62 nº 2 do TRLRFL.

C).- Exencións potestativas:

c.1.- Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 3 euros.

c.2.- Os bens de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 2,5 euros.

c.3.- Os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Non obstante, cando o beneficio fiscal se solicitase antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu goce.

A afección real na transmisión e responsabilidade solidaria e subsidiaria rexeráse polo disposto no artigo 64 do TRLRFL.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de aprobación da mesma.

Punto 5º) ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS EN APLICACIÓN DO ARTIGO 2 DO REAL DECRETO LEI 20/2012.-

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

"Polo Presidente cédesse a palabra á interventora, por considerar que é a persoa que mellor pode explicar a finalidade deste acordo.

Toma a palabra a interventora comentando que, a raíz da entrada en vigor do Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xuño, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade, reducíronse para o persoal do sector público as súas retribucións, nas contías que corresponde percibir no mes de decembro, como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes.

Continúa explicando a interventora que, como consecuencia disto, a Secretaría de Estado de Administracións Públicas, emitiu unha nota informativa relativa á aplicación polas entidades locais do disposto no artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012, e 22 da Lei 2/2012, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012. Nesa nota informativa indícase que a redución das retribucións anuais no ano 2012, nas contías correspondentes á paga extra do mes de decembro, deberá efectuarse mediante o bloqueo dos créditos orzamentarios, materializándose dito bloqueo nun acordo de non dispoñibilidade de créditos, que corresponde ao Pleno da Corporación.

Pregunta o Presidente á interventora a canto ascende o importe deses créditos.

Contesta a interventora que a cantidade ascende a 78.599,27 euros.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP), manifestando a súa conformidade coa adopción deste acordo.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a adopción do acordo de non dispoñibilidade de créditos en aplicación do artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como non puido asistir á sesión da comisión informativa onde se tratou deste asunto, é agora cando puido coñecer do mesmo.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que se trata dunha cuestión que ten unha regulación legal e, en consecuencia, non podemos ir contra a lei.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que se remite ao ditame da Comisión especial de Contas.

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- o pronunciamento de acordar a non disponibilidad de créditos, polo importe total da paga extra do mes de decembro, do persoal ao servizo deste entidade local, declarando ditos créditos non susceptibles de utilización; cuxos créditos figuran reflectidos nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Importe saldo créditos (en euros)
132.120.03	1.866,9
132.120.06	280,95
132.121.00	1.184,37
132.121.01	928,77
920.120.00	1.368,72
920.120.05	548,47
920.120.06	316,98
920.121.00	1.954,39
920.121.01	2.406,75
931.120.00	684,36
931.120.01	699,38
931.120.06	307,08
931.121.00	1.754,67
931.121.01	2.052,76
912.110.00	600,02
912.110.01	834,33
920.130.00	4.708,34
151.130.00	2.974,72
321.130.00	1.311,87
342.130.00	2.749,58
162.130.00	5.890,29
493.130.00	2.047,94
163.130.00	3.936,18
325.131.00	4.398,78
231.131.00	8.409,90
332.130.00	1.388,58
241.131.00	2.474,58
340.130.00	1.351,67
155.130.00	5.334,24
234.131.00	3.972,40
331.130.00	1.274,38
325.130.00	1.570,28
339.130.00	2.913,32
321.131.00	1.876,56
491.131.00	1.328,00
132.131.00	138,49

432.131,00	760,00
TOTAL	78.599,27

Punto 6º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2012.

Polo secretario dáse lectura do ditame que –en relación con este asunto- emitiu a Comisión Especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

"Polo Presidente infórmase que con este expediente trátase de recoñecer facturas procedentes de exercicios anteriores, que non é posible imputar directamente ao orzamento do exercicio corrente; neste caso, todas estas facturas foron presentadas por Fenosa.

Toma a palabra a interventora explicando que a miúdo Fenosa reclama facturas que se corresponden con servizos e subministros prestados en anos anteriores, e que ditas facturas teñen que ser revisadas por parte dos servizos económicos do Concello, para comprobar que eses servizos e subministros foron efectivamente prestados, e que ademais o seu pago corresponde ao Concello. Neste caso, as seis facturas que se relacionan neste expediente, foron debidamente contrastadas e considerase que si deben ser abonadas polo Concello.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP), manifestando estar de acordo co seu pago, tendo en conta que segundo as explicacións da interventora, ditas facturas foron comprobadas previamente polos servizos económicos do Concello.

No mesmo sentido interveñen a Sra. Varela Duro (do BNG) e a Sra. Vázquez Orois (do PP).

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos seis concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Coñecido que as facturas pendentes de pago foron as seguintes:

TERCEIRO	NUM. FACTURA	DATA FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE €
GAS NATURAL SUR S.D.G, S.A.	1100212275916	19/02/2010	Servizos na rúa Padre,17 (edificio Mercado)	2.023,91
UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	3101210011537	03/12/2010	Subministros na rúa do Viso, 97 (Colexio Público)	1.094,99
UNION FENOSA COMERCIAL,S.L.	3101210014129	03/12/2010	Subministros na rúa Ramón Franco,90	252,93

UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	3101210009886	03/12/2010	Servizos na rúa Padre Pardo, 17 (edificio Mercado)	1.349,41
UNION FERNOSA COMERCIAL, S.L.	3101110010721	04/11/2010	Servizos na rúa Padre Pardo, 17 (edificio Mercado)	1.143,17
UNION FENOSA COMERCIAL, S.L.	3110310059935	08/03/2011	Servizos na rúa Santiago 97, (alumeado público)	1.100,44
TOTAL				6.964,85

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que, ao non estar na sesión da Comisión informativa, é agora cando coñeceu deste asunto; e ve normal que se abonen esas facturas pendentes ao ser favorable a iso un informe da interventora.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que, á vista do informe da interventora, procede estar a favor do pago desas facturas.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que tamén debería procederse ao recoñecemento e ao pago desas facturas pendentes.

Visto o informe emitido pola interventora con data 5 de outubro de 2012.

Adoptouse –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de recoñecer as obrigas ás que se refire este expediente e que figuran descritas no mesmo, por importe de 6.964,85 euros; dispoñendo que se efectúe o pagamento das mesmas.

Punto 7º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS; PREVIA A DECLARACIÓN DE INTERESE ESPECIAL OU UTILIDADE MUNICIPAL.

O secretario da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía Facenda, na sesión celebrada o día 21 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

"Polo presidente desta comisión, o Sr. Bermúdez Taboada, indícase que se concedeu licenza municipal para realizar obras de mellora en tres explotacións de gando, e que na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre instalacións, construcións e obras establécese unha bonificación do 50% na cota de dito imposto; polo que se trataría agora de propoñer ao Pleno que acorde esa bonificación.

Seguidamente pola interventora informouse que as tres solicitudes que se presentaron foron as seguintes:

1.- Por dona Rebeca Susana Miguez Peñín, o 3 de agosto de 2012, a quen lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión do día 3 de agosto de 2012, para as obras de mellora dunha explotación de gando vacún; en cuxa sesión aprobouse a liquidación de dito imposto por 1.316,02 euros.

2.- Por dona María Carmen Pérez García, o 24 de agosto de 2012, a quen lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión do día 28 de agosto de 2012, para as obras de mellora dunha explotación de gando vacún; en cuxa sesión aprobouse a liquidación de dito imposto por 1.400,01 euros.

3.- Por don Juan Carlos Rivas Fernández, o 3 de agosto de 2012, a quen lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión do día 3 de agosto de 2012, para as obras de mellora dunha explotación de gando vacún; en cuxa sesión aprobouse a liquidación de dito imposto por 480,73 euros.

Coñecidos os informes da interventora, emitidos nos tres casos con data 2 de outubro de 2012;

Esta Comisión –por unanimidade dos seis membros asistentes (3 do BNG e 3 do PP)- acordou informar favorablemente a concesión das bonificacións solicitadas.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PsdeG-PSOE) para expresar que considera que este tipo de bonificacións son unha medida positiva, e máis no momento de crise en que nos atopamos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o seu grupo político tamén esta de acordo coa aplicación destas bonificacións.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar tamén que a postura do grupo político do BNG é favorable a estas bonificacións.

Considerando .- Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que “*as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración*”.

Considerando.- Que a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras que ten aprobada este Concello –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)– establece *unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trade de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros, para o desenvolvemento da súa actividade agrícola ou gandeira*”.

Considerando.- Que de conformidade co disposto en dito artigo 7:

a) A declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Vistos os informes emitidos pola interventora municipal, con data 2 de outubro de 2012 nos tres casos, en sentido favorable á concesión da bonificación por tratarse de supostos incluídos no artigo 7 apartado I subapartado d) da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

E tendo en conta o ditame favorable, emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de outubro de 2012.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas tres solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, para as que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local nas datas antes indicadas, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas.

Terceiro.- Notificar este acordo aos tres solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 8º) ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA.

O secretario da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de outubro de 2012; no seguinte sentido:

“O presidente desta comisión, o Sr. Bermúdez Taboada, indica que se trata dunha ordenanza que acaba de copiar, e considera que debería ser sometida a ditame da Comisión para Asuntos do Pleno e non desta Comisión.

En relación con esta cuestión, o secretario informou que esta ordenanza tamén ten incidencia en materia económica, posto que cando a garantía que deben depositar os maderistas resulte insuficiente, para responder dos danos e desperfectos

ocasionados con motivo da tala de árbores, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

Deseguido a Sra. Varela Duro explicou cales son os motivos polos que se pretende aprobar esta ordenanza, cuxos motivos veñen recollidos na exposición de motivos que contén a ordenanza; e pediu á técnica de administración xeral, Sra. Pérez Iglesias, que a elaborou, que explicase o seu contido.

Manifesta dita técnica:

-Que a ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte os danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira, entendéndose por tales todas as operacións que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira, como as posteriores. Non entra a regular en ningún caso os aproveitamentos madeireiros en si mesmos, xa que o Concello non ten competencia para iso.

- Que trátase de establecer unhas obrigas e prohibicións para os madeireiros, e de garantir o seu cumprimento mediante o depósito na Tesourería do Concello dunha garantía, que será fixada polos servizos técnicos municipais, en función de diversos factores, entre eles, o peso da madeira que vaian extraer os madeireiros, o peso dos vehículos e/ou maquinaria que se vaia utilizar e o estado do vial afectado.

- Que unha vez que o madeireiro teña previsto efectuar unha corta de madeira dentro do noso termo municipal, deberá comunicalo previamente ao Concello, cumprimentando todos os datos que figuran no modelo que se achega na propia ordenanza. A partir de aí, o Concello realizará unha visita de inspección, para comprobar o estado dos viais e zonas que se vaian utilizar nas operacións de saca de madeira.

- Que cando o madeireiro solicite a devolución da garantía, realizarase unha nova visita para comprobar o estado das zonas e viais utilizados unha vez rematados os traballos. Si se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza, devolverase a garantía, sen mais trámite que o informe favorable do Concello. Noutro caso requirirase ao madeireiro para que cumpra as súas obrigas, outorgándolle un prazo para elo. Transcorrido o prazo, si cumpre, devolverase a garantía previo informe favorable do Concello. En caso contrario, será o Concello o que realice os traballos que sexan pertinentes, descontando o seu custe do importe garantía.

- Que a Ordenanza vai completada cun réxime sancionador, que se aplicará nos supostos de incumprimento contemplados como infraccións, e que é independente da garantía prestada, da reparación dos danos causados polos responsables e das indemnizacións polas perdas a que houbese lugar, no seu caso.

Rematada esta exposición, o Sr. Bermúdez Taboada volveu a insistir no seu planteamento inicial, manifestando que a cuestión é se esta ordenanza ten que vir a esta ou a outra comisión.

Intervén a Sra. Varela Duro para expoñer que esta ordenanza tiña que ser aprobada xa hai anos, porque sempre había queixas polos desperfectos que se ocasionaban nas pistas e camiños, cando se realizaban as talas de árbores.

Intervén a Sra. Vázquez Orois para expresar que, neses casos, soe suceder que o desaugue das ladeiras das pistas tamén queda mal.

Considerada a conveniencia de aprobar esta ordenanza, o Sr. Presidente decidiu someter a votación ordinaria a proposta de aprobación de mesma polo Pleno do Concello;

Adoptándose –por seis votos a favor (3 do BNG e 3 do PP)- o pronunciamento de propoñer ao Pleno a aprobación de dita ordenanza, nos termos en que quedou redactada.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para expresar que está de acordo coa aprobación desta ordenanza, porque todos sabemos como quedan os camiños despois de unha tala, algunhas veces intransitables; de feito, na zona onde ela vive houbo moitos problemas, porque cando talaron árbores estragaron a traída de auga, polo tanto entende que fai falta esta normativa.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que estamos de acordo co que dixo a Sra. Balado Conde, pero tamén hai que mirar que se vaian facer as inspeccións nas pistas.

- Que se debería facer unha inspección antes da tala de madeira e outra posterior á mesma, porque se a garantía se pide despois de dous ou catro meses, o madeirista pode dicir que foron outros os que fixeron o mal.

- Que a proba concluínte do estado da pista sería facer unha inspección das pistas –polos servizos do Concello- con anterioridade a iniciarse as talas de árbores e outra despois, para ver como quedan esas pistas; e facer incidir na ordenanza neste punto.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que na ordenanza esta contemplado que, previamente, os servizos do Concello teñen que facer un informe, e despois un seguemento, e logo outro informe cando se finalicen os traballos da tala de árbores; xa na propia ordenanza contemplase un antes e un despois.

- Que tamén se inclúe nesta ordenanza, ao marxe da garantía, un réxime sancionador, que se aplicará nos supostos contemplados como infraccións.

Seguidamente o Sr. alcalde indicou que, para o caso de que o madeirista incumpla algunha das obrigas previstas na ordenanza, o artigo 5 n° 2 da ordenanza dispón que o concello requerirao para que leve a cabo o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poida exceder dun mes; e, para o suposto de que o madeireiro non poida ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes onde se levou a cabo a tala de árbores.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación desta ordenanza, nos termos en que quedou redactada.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza que regulará a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación coas operacións de saca de madeira, nos termos en que foi redactada.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2012.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 2 de xaneiro de 2012 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 31 de decembro de 2011 (da cal se dou conta noutra sesión plenaria)- ata a ditada o día 29 de xuño de 2012.

Estando referida a primeira resolución (*reflectida no folio 6.716 e volto*) ao nomeamento da interventora dona Olga Castro Fernández, como secretaria accidental, durante o período de tempo comprendido entre o día 2 e o día 5 de xaneiro de 2012, ambos inclusive, por coincidir cun período de disfrute das vacacións tanto do secretario como da técnica de Administración Xeral deste concello; mentres que a última resolución (*reflectida no folio 6.894 e volto e 6.985*) refírese a aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que

reservara o alcalde para dispoñer de gastos, por canto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe -dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tras todo o exposto, adoptouse –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Dáse lectura dos informes emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “*os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo*”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos*”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe –con data 3 de outubro de 2012-, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2012, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no segundo trimestre de 2012:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	63	330
Importe total	61.582,92 euros	274.398,77 euros

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	139	128
Importe total	154.747,62 euros	202.305,78 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 1
- Importe total: 264 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

Segundo.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

*Punto 3º) **ROGOS E PREGUNTAS**.-*

Tras expoñer o Sr. alcalde se –dentro deste punto do Orde do día- había algunha **pregunta** que formular.

Desde o grupo político do Partido Popular, a Sra. Vázquez Orois manifestou que tiñan unha pregunta para o alcalde, porque o Clube de Xubilados comunicoulles que tiñan unha televisión moi pequena, e para o local que ten dito Clube necesitaban unha televisión máis grande.

Responde o Sr. alcalde que, algúns integrantes do Clube de Xubilados xa viñeron a falar con el máis veces, e, ademais, piden outras cousas; e considera que habería que ir por partes, para ver o que é máis importante; porque, por exemplo, tamén querían que se pintase unha franxa da parede, que estaba rozada polas sillas; e

considera que, en vez de pintar esa franxa, sería mellor poñer unha tablilla; a cuestión entón é saber como está esa franxa de parede, e valorar que é o máis necesario.

Deseguido fixo uso da palabra o Sr. García Couso (do BNG) para expresar que quería formular catro preguntas ao Sr. alcalde.

Indicando o Sr. alcalde, a dito concelleiro, que non lle concedía a palabra para poder intervir neste punto da Orde do día, porque non lle constaba que deixara o goberno; e como integrante do equipo de goberno tiña que haber procedido como proceden o resto dos concelleiros do equipo de goberno; se tes preguntas ou dúbidas, ou non estás de acordo con calquera cousa que se faga, entón ves aquí e resolvochas; pero ata agora nunca te vin na Alcaldía, nin en ningún outro sitio para preguntar esas cousas; polo que debo entender que o teu obxectivo agora é facer oposición, e se queres facer oposición xa sabes a onde te tes que pasar; as veces que te deixei falar, e facer preguntas, decíades que non vos deixei falar.

Manifesta o Sr. García Couso que, como aludido, entende que ten dereito a intervir; e pide ao secretario que lle informe o que di a lei sobre a posibilidade de formular preguntas todos os membros da Corporación.

Intervén o Sr. alcalde para indicar que o regulamento tamén di que as preguntas poden ser contestadas na seguinte sesión do Pleno; pero que, polos motivos indicados, non ten a palabra; e, ao non haber máis preguntas, levántase a sesión.

Pide enton o Sr. García Couso ao secretario que conste en acta que lle foi negado o dereito que ten a formular preguntas como concelleiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 20.55 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

